

## as miñas LEMBRANZAS de don Victoriano Taibo

**A**o redor dos anos 50 tiveron a gran sorte de coñecer e manter unha relación de grande amizade con don Victoriano Taibo.

Ambos os dous acudiamos acotío ao taller de ourivaría que tiña Angel Cajarville “Mareque” para traballar no acibeche, na rúa Carral da cidade de Vigo, no primeiro andar dun local interior da casa onde estaba unha tenda de calzado chamada “Lobato” e que agora segue a ser tenda co nome de “Mantecas”. No mesmo lugar estaba o taller de “Fotografados Rilop”, moi amigos do “Mareque” que falaba con eles de fiestra a fiestra do escuro patio interior.

Cando o “Hotel Moderno” modernizou as instalacións e fixo uns locais que daban á rúa Marqués de Valadares, pero aos que se entraba pola mesma rúa Carral, Sindo (Gumersindo) Taboada, un dos xenros de Pepe González que era co seu irmán Cesáreo, o produtor de cine, dono do “Hotel Moderno” e que tamén era un dos que, coma min, acudía ao taller do “Mareque”, xestionou o aluguer dun daqueles locais para o “Mareque”, quen cambiou o taller para alí.

Ao taller do “Mareque” acudía unha morea de xente do máis diverso pero o que máis abundaba era xente da cultura: escritores, pintores, escultores, ourives,... e tamén estudantes coma min que daquela, aínda que




▶ Álvaro Cunqueiro

traballaba, andaba pelexando co Dereito Romano, pois ía para “picapleitos”.

É bo que lembre algúns dos que máis a cotío acudían ao taller que van ir saíndo segundo me lembre deles e se falta algún, que me perdoe:

Por suposto don Victoriano Taibo que é o protagonista destas lembranzas. Xulio Sigüenza, o xornalista do *Faro de Vigo*. “Bene”, o fotógrafo, tamén do *Faro de Vigo*. O escritor Álvaro Cunqueiro, unha fantasía camiñante e director do mesmo xornal.


[Arquivo Familia Taibo]



▶ Taibo con Xulio Sigüenza, á esquerda, nun acto de homenaxe desconocido

O director do desaparecido Pueblo Gallego, Xosé María Castroviejo que paraba coa bicicleta no taller de camiño para coller o barco que o levaba a Moaña onde moraba.

O gran pintor Laxeiro, certamente histriónico ao contar calquera historia ou conto da súa vida, certo ou inventado pola súa fervente imaxinación. Urbano Lugrís, o pintor. Que pintou as paredes da cafetería que estaba nos baixos do hotel con motivos mariñeiros como non había de ser menos pois era o seu tema preferido. Mario Granell, decorador de cerámica. Non había taberna en Vigo e arredores que non tivese cuncas decoradas co nome do usuario feitas por el ou polo seu amigo “Antucho” Cordón fillo do Xeneral Cordón que pelexou contra as tropas alzadas do Xeneral Franco. O pintor paisaxista de mariñas ata que perdeu a vista, Abelardo Bustamante, sempre de calzas de pana e botas de cazador, nado en Cuba e vigués de sentimento. Del dixó Laxeiro: “En la luz de tus cuadros palpitará eternamente el amor de un cubano, al que se le secaron los ojos de tanto sentirnos y amarnos”. Mario González, mestre de debuxo do Instituto Santa Irene. Era pequeniño, vestido sempre de preto, ao falar mesmo parecía que rechouchiaba e todo el dábbase o xeito dunha pardaliña.



► Laxeiro




► Xosé María Castroviejo

Ramón Ribas pintor, estudante da Escola de Artes e Oficios de Vigo que se foi vivir a Lausana (Suiza) onde acadou moitos éxitos. Xavier Varela Guillot, pintor que pola cor da pel e o xesto da faciana acuñábámolo “O Tagalo”. Estudante tamén da Escola de Artes e Oficios de Vigo. Leopoldo Fernández Varela pintor de afección e vendedor de zapatos “o zapatillas”. Sindo Taboada. Juan Martí Lago, empregado do Banco Exterior que foi trasladado á sucursal do banco en Sidi Ifni, que bebía as cuncas de viño, e aínda bebe, como se asubiase para dentro e por iso lle puxeran o alcuño de “Pajarito”. Urbano Gascón que tiña representacións. Xulio Alén, corredor de seguros. Unha filla del viviu co escultor de cabalos –un grupo deles coroa a Praza de España de Vigo– Xoán Xosé Oliveira. Carlos Pazos, pai e fillo, os dous empregados da Caixa de Aforros de Vigo. Montenegro López, que moraba no Pazo da Raposeira e tiña unha fasquía que semellaba un personaxe de Valle Inclán, pequeno, espelido, vestido de preto e sempre de sombreiro e voz atiplada e non se libraba de que lle chamas en “Salta na corda”. Era fillo de Amador Montegro Saavedra, escritor encadrado no grupo chamado Os continuadores, fundador do semanario de Lugo *A Monteiro* e da Real Academia Galega e o primeiro que redactou o seu discurso de ingreso en galego. Gabábase de ser escritor pero eu non lin nin escoitei nin res escrito por

el. Non obstante o seu irmán Amador, que foi Aparellador do Concello de Vigo, si escribiu unha *Historia íntima de Vigo* e que posúo, con orgullo, dedicada por el. Suárez, un xestor que tiña a oficina a carón do taller. Tamén tiña xestoría en Pontevedra e ía aló na moto cando levou una estomballada que case o deixa coxo. Ao preguntarlle como fora o accidente dicía que “se lle corra o viño a un lado”. Antonio Davila, O Chato, escultor, discípulo de Mareque na Escola de Artes e Oficios que marchou a vivir cunha francesa chamada Joselin a un castelo que esta tiña en Angulema (Francia). Fixo exposicións da súa obra en moitos lugares, un deles México onde acadou moito éxito. Perfecto Marcos Romero, ourive, tamén discípulo do Mareque na Escola de Artes e Oficios; foi bolseiro pola Deputación de Pontevedra para estudar na Escuela de Bellas Artes de Madrid. Ten obra exposta no Museo de Pontevedra. E un cáliz e unha coroa da Virxe de Lourdes na igrexa parroquial de Mondariz Balneario. Meu irmán Xesús, escultor, cando por veces viña de Madrid, e que tiña unha grande amizade con Laxeiro, Lugrís e Cunqueiro. E para remate, eu.

O taller do Mareque era un local pequeno polo que poucas veces estarían xuntas máis de cinco ou seis persoas. Por iso as máis das veces, xa fose polo mediodía ou no serán, seguíase a conversa na taberna do Elixio que estaba ben preto xa que soamente cumpría cruzar a Porta do Sol e entrar na ruela da Aurora.

Máis que unha conversa que tivese un plan ou un tema concreto, era un faladoiro, mentres se ollaba como traballaba o Mareque, sobre os



► Mario Granell



► Urbano Lugrís

máis variados temas. Escusado é dicir que de política non se falaba máis que contadas veces e sempre co medo que impuña a represión do réxime franquista, pero non deixaban de estar presentes as historias dos que puideron fuxir, dos que caeron abatidos e ata se apuntaban nomes dos que foran capaces –ás veces presumindo e tendo a gala de iren á “caza do home”– de cometeren semellantes barbaridades.

Don Victoriano se non falaba el, que era o que máis lle cumpría, estaba a asexar a faciana dos presentes ou dos que falaban, e cun xesto espreitante e desconfiado que lle asomaba aos ollos por embaixo da cellas ao tempo que nos beizos aparecía un sorriso retranqueiro que tan ben plasmou o pintor Maside no debuxo que aparece na publicación do ano 1956 do libro titulado *Da Agra Aberta. Contos e lèndas*, e que el sabía achantar detrás do reflexo dos lentes que no devandito debuxo non aparecen. Pero se falaba el, entón que a ninguén se lle pasase polo pensamento interrompelo porque nun intre habería de ouvir a recriminación de don Victoriano dicíndolle “¡cale coño que estou falando eu!”.

Vestía sempre un traxe preto, e se era inverno un gabán, unha bufanda e un sombreiro da mesma cor e calzaba unhas botas que salientaban polo tamaño e había quen lle facía o



► Xavier Varela Guillot

chiste de dicirlle: “¿Como se pode facer poesía con eses pés e esas botas?”. Pero tiña que ter moita confianza e ser moi oportuno pois non era home que soportase ben as bromas. O certo é que era un home grande, xa con pouco pelo e branco e un migallo curvado pero a súa fasquía era de home rexo.

Por veces púñase a contar unhas historias monótonas e aborrecentes e dáballe máis voltas ao tema que as que dá un rodicio e había que pór moito xeito para cambiar o tema ou coller a porta pois non había outra saída. Outras, xa Mareque cando entrabas dábache o sinal cun chiscar de ollo ou outro xesto ou ben as agachadas dicíache “hoxe o Taibo estache bo”, e cando o Taibo estaba bo era unha ledicia escoitalo.

Uns dos temas máis frecuentes nas conversas de don Victoriano eran os da fala. Foi un dos fundadores das Irmandades da Fala xunto con Risco, Lugrís e outros que naquel entón reivindicaban o uso do “g” e do “j” no lugar

do “x”, cousa que fai Taibo no seu libro *Abrente*. Levábao o diaño cando ouvía usar mal a fala, e a maioría de nós ou non a sabiamos usar ou cometiamos erros ao usala. Entón comezaba a corrixirnos e aproveitaba tamén para facer crítica da Real Academia Galega da que era membro desde 1948, ano no que leu o discurso de ingreso titulado “Rosalía de Castro precursora da fala”, e dalgún dos seus compoñentes, da que non se libraban nin Ramón Otero Pedraio, que foi o que lle contestou ao discurso de ingreso na Real Academia Galega, nin Aquilino Iglesia Alvariño, porque lles achacaba que “estaban a inventar o galego partindo do tardo latín”.

Xa comentando a *Gramática Galega* que no ano 1931, en segunda edición, publicou Manuel Lugrís Freire, pai de Urbano Lugrís, e compañeiro de Victoriano nas Irmandades de Fala, recomendaba enterarse do contido da gramática “aínda que non sexa máis que para facer o contrario do que manda, dispón e ordena”.

De feito, o libro *Da Agra Aberta* iníciase co capítulo “Par’ôs lectores cursidosos leren” que amais de ser unha exaltación da escritura en galego contén unha manchea de recomendacións para usar ben a fala. E fina o devandito libro cun vocabulario de palabras, acepcións, frases e xiros, por el recollidas nas vilas e bisbarras onde morou ou exerceu de mestre. Unha morea delas recollidas na bisbarra do Val Miñor, do Baixo Miño ou máis concretamente na parroquia de Morgadáns.

En todo o texto salientase esa teima de Taibo pola fala do pobo. Así o di na páxina 12:

...estes contos e léndas van ditos no  
lenguaxe dos nosos eidos,...

E na páxina 14:

Pois nestas páxinas non se inventa nin  
res nin se derrama nada. Todo nelas, no qu’ô  
lenguaxe se refire, axusta-se ô falar do pobo,  
garda fidelidade ô significado das palabras, e ô  
seu valor en composición, *tal como as nosas  
xentes as usan...*

E para el, como recolle na páxina 16:

...a millor regra ha ser ouvir ô povo e imitalo.

E se non botar man do portugués, como escribe na páxina 26:

Non hai máis lícita angueira par'ô escritor en galego, qu'a ca de botar man da axuda do portugués...

Sempre estaba a falar de Santiago de Compostela onde nacera. Como o Mareque tamén era de alí, non paraban de discutir sobre cousas daquela bisbarra. Por exemplo: Taibo sostíña que o nome da praza compostelá era A Quinta, ou A Quintán, pero nada de A Quintana.


Ou púñanse a recitar ou cantar estrofas da poema "Casta dos celtas" que escribira Alfredo Brañas. O poema fora presentado, no ano 1931, nas Irmandades da Fala, sendo secretario don Victoriano, e encargáronlle ao seu irmán Luís que lle puxese música para facer un dos Himnos Galegos. Posteriormente adoptárono como o himno as Mocidades Galegas.

Luís Taibo emigrara a México onde exerceu de médico pero era un bo compositor de música para orfeóns. Púxolle música a moitos poemas de escritores galegos entre eles a algún de Victoriano.

Non deixaban de contar anécdotas e cousas que lembraban de cando eran rapaces. De como xogaban ao pateiro, á buxaina, ás bolas, ao corra o galorcho,... Este xogo, "o corra o galorcho" non era outro que como, ao parecer, non había moitas pelotas ou non había cartos para elas, substituíanas cun galorcho e daban patadas nel como se fose un balón de xogar ao fútbol. Destas conversas sacou Taibo un artigo que publicou no *Faro de Vigo* onde, entre outras causas, aseguraba que o fútbol se orixinara en Galicia. Seica un enxeñeiro inglés veu a Santiago de Compostela a estudar o Pórtico da Gloria e fixo unha copia del; coñeceu e namorouse de Carolina Otero, La bella Otero, e pasmou co xogo do corra o galorcho.

Volveu para "a pérfida Albión" levándose esas tres xoias. Non contaba que pasara coa copia do Pórtico da Gloria, nin que camiño levou a Bella Otero, aínda que se sabe que volveu a Portas, de onde era nada. Pero si contaba que cando viñan os ingleses da Royal Navy ou do Cable Inglés a Vigo, xogaban ao corra o galorcho.

Claro está que o modificaran e en vez de darlle patadas ao galorcho, pateaban unha pelota ou un balón. Ademais puxéranlle nomes as distintas accións do xogo. Chamábanlle "gol" cando o galorcho, ben, o balón, pasaba das dúas pedras que marcaban a porta, agora portería de dous paos, en verdadeira forma de porta. "córner" cando se facía un saque de esquina. "outside", "orsai" en linguaxe da xente do pobo. "penalti" e outros nomes. E así foi como o fútbol naceu en Galicia e volveu a ela pola cidade de Vigo e dende aquí ao mundo enteiro.



► Retrato de Maside

Tamén no artigo titulado “El furancho” onde amais de falar do Vigo vello e da importancia que tivo a sardiña no seu desenvolvemento, fala de:

esos vigueses que agora, precisamente agora, lucen en el ojal de la solapa de sus chaquetas una sardinita de plata oxidada con una V de oro, que es la letra inicial del toponímico Vigo, son beneméritos de la ciudad, vigueses doscientos por cien, dignos de todo encomio y especial mención, ya que consciente o inconscientemente, que de todo puede haber, obstentan con legítimo orgullo y rinden así fervoroso y cotidiano homenaje al ser que más intensa, desinteresada y eficazmente laboró por la prosperidad y grandeza de la ciudad de sus amores.

As tales insignias facíaas Mareque e levabámolas case todos os que iamos polo seu obradoiro. A retranca que tiña reflítese en todos os seus escritos. Ese contar dicindo e non dicindo, ese falar e escribir tan galego que non se define se é de broma ou non, tan típico en escritores como Xulio Camba, Wenceslao Fernández Flórez, ou outros, cun fondo de amargo escepticismo que non convida a rir pero si a sorrir, tiña o abondo.

Outro dos temas. Non sei por qué, pero sempre acababan falando da revolta dos Irmandiños. Quizás fose unha maneira de relembra as “revoltas de clases” e curarse da imposibilidade de falar deses temas naquel tempo, pola prohibición do réxime ditatorial que estaba no poder.

Pero non só se falaba. Tamén había lugar para a música. Cando isto ocorría había que ter en conta o xenio do Taibo, pois cando se cantaba, case sempre cancións populares e festivas, se o Taibo entendía que a canción non estaba axeitada ao seu senso musical, logo mandaba calar dicindo: “¡Non é así, vostedes desafinan!” e pretendendo corrixir e dar unha lección cantaba el só, pero sen as palabras da cantiga, soamente o son “tuararara, tuararara, rara”.

As cancións eran cancións xocosas e populares. Por exemplo:

*En Ourense un tenor había  
que estaba un pouco frouxo das harmonías,  
das harmonías,  
tenor maldito,  
tenor maldito,  
que lle escapaba o vento*

LETRA DE ALFREDO BRAÑAS MÚSICA DE LUÍS TAIBO

MAESTRO

GALEGO

DEUS PRATRENQUE GALLECIA

Casta das ceitas, esperta a nina!  
Urge da fanga da enxada vici!  
Parca da y almas, teus ceibos castiños  
huchan o mundo de norte a sul!  
Deus meus pasada bendita terra,  
raí amorosa da miña nai,  
preva as ceitas que te asabalan  
o cingue a ceas da liberdade!

Castas galegas,  
o hino gigante  
dos pobos libres,  
dos pobos grandes,  
canta, guerra  
a des sauta  
da independencia  
da nosa patria!

Os de Castela son castelans,  
os de Galicia galegos son,  
para nos somos, como espanhóis,  
nin eles anos nin servos nos.  
Das costas bravas de Finisterre  
hasta as douradas beiras do Sill,  
crusan os berros de guerra e morte  
contra os tiranos do meu país!

Arabros fortes,  
feros brigantes  
sombas quirdas  
d'outras edades,  
prestade alicotes  
os que batallan  
por esta meiga,  
pequena patria!

“Himno gallego” Letra del malogrado escritor, catedrático y gran regionalista Alfredo Brañas. Música del compositor y músico gallego D. Luis Taibo que reside en Madrid.

D. LUIS TAIBO GARCÍA

► Luís Taibo xunto a unha partitura da música que compuxo para un himno galego con letra de Alfredo Brañas

*por certo sitio,  
por certo sitio.*

Recordando a festa dos Maios que se celebraba en Santiago de Compostela:

*Señor Arcebispo dea-no lo Maio  
¡hai que carallo leva aquel can!  
.....*

Ou a festa, tamén dos Maios de Pontevedra:

*Levántate Maio de enriba de min  
non vaia se-lo conto que mexes por min.  
E se mexas, mexa con coidado  
non vaia se-lo conto que morra afogado.  
.....*

Un día lembrábanse do poema que un tal Pimpinillo lle dixera a San Caralampio na festa do tal Santo. Eu non coñecía ao Pimpinillo pero si tivera a sorte de presenciar a procesión que lle facían a San Caralampio. Non recordo o día pero habería de ser ou no mes de xuño ou de setembro porque era cando eu ía a Santiago de Compostela a render os exames na Facultade de Dereito. Pasaba en procesión pola Porta Faxeira acompañado por unha chea de xente as máis delas caras coñecidas como asiduos ao chiquiteo nas tabernas da rúa do Franco ou outras moitas que estaban espalladas pola vila. Todos eles dicían ser devotos da Confraría de San Caralampio. O santo estaba representado por unha escultura policromada figurando un home baixo que tapaba soamente as súas partes cun pano branco e recostábase nun tronco dunha arbore como se precisase

apoio para terse en pé. Ferido por frechas como un San Sebastián pois esas haberían de ser as causantes do seu martirio. Os ollos regalados coa mirada perdida no alto do ceo. A faciana gordecha cuns coloretos rosadiños e o nariz algo máis que rosadiño. Toda ela lembraba as de moitos dos chiquiteiros que con candeas acesas ou apagadas, en fila á dereita e esquerda da imaxe, ían acompañándoo pola rúa.

No sei se me esquezo dalgunha estrofa do poema do Pimpinillo pero as que lembro sonche estas:

*Santo que estás nesas andas  
con xesto de borreante.  
¿Quen eras ti fai seis anos  
que ningún te vira diante?.*

*Aquí tes ao Pimpinillo  
Que aínda que o queiras negar  
el foi quen che puxo seis mil  
almas no fogo de devoción.*

*¿E vas deixar que eu morra  
probe, triste e sen traballo  
sen botarme unha man amiga?.*

*¡Pois vaia un Santo do carallo!*

Na conversa non se falaba da parentela de cada quen pero eu sabía que Taibo tiña dous fillos. Fuco e máis Yoya. Con Fuco e a súa noiva íamos de excursión moitos festivos durante un tempo. Despois souben que emigrara, seica ao Brasil, e nunca máis tivera noticias del. Tampouco entre nós falabamos do pai. ■



▶ Victoriano Taibo retratado por Benedicto Conde (Bene) na tempada da homenaxe ao Padre Hermida [Arquivo Familia Taibo]